

OFERTA dos cursos de e-destrezas da Universidade de Vigo no 1º cuadrimestre do curso 2025-2026

ANEXO I

Condições de matrícula cursos e-Destrezas.

- a) **Destinatarios:** alumnado, persoal docente e investigador (PDI) e persoal técnico de xestión de administración e servizos (PTXAS) da Universidade de Vigo.
- b) **Modalidade:** 24 horas docencia en liña síncrona e 6 horas de traballo autónomo.
- c) **Lugar:** Sala eDestrezas do Campus Remoto da Universidade de Vigo.
- d) **Período inscrición:** especificase para cada curso na táboa do Anexo II
- e) **Importe inscrición:** os presentes cursos teñen carácter gratuito.
- f) **Criterios selección:** No caso de recibir máis solicitudes que prazas ofertadas a selección realizarase por orde de inscrición ata completar o número máximo.
- g) **Lista de agarda:** elaborárase unha lista de agarda, seguindo estritamente a orde de inscrición, coas persoas que a realizaron en prazo pero non resulten admitidas.
- h) **Área de inscrición:** realizarase na plataforma “Campus Activo”: <https://campusactivo.uvigo.gal/>
- i) **Número de prazas** por curso: especificase na táboa do Anexo II .
- j) **Causa de cancelación** dun curso: non acadar o número mínimo de inscricións especificado na táboa do Anexo II (75% do número prazas ofertadas)
- k) **Renuncias:** as persoas admitidas poden presentar a súa renuncia antes dos 3 días hábiles previos á data de inicio do curso.
- l) **Diplomas:** para a obtención do diploma oficial expedido pola Universidade de Vigo é requisito imprescindible que cada participante asista polo menos un a 85% das horas totais do curso e realice correctamente a tarefa indicada polo/pola docente do curso.
- m) **Recoñecemento créditos ECTS:** o estudantado da Universidade de Vigo poderá validar a realización dos cursos por créditos ECTS dentro da categoría de actividades universitarias culturais. O recoñecemento farase a razón de 1 crédito ECTS por cada 30 horas.
- n) **Penalizacións:** darán lugar a unha penalización de non poder realizar cursos do programa de e-Destrezas durante un ano, cando calquera delas sexa inxustificada, tanto as renuncias realizadas despois do prazo sinalado no epígrafe i), coma a non asistencia ao 85% das horas totais do curso ou non realización da tarefa asignada.
- o) **Financiamento:** os custes de docencia e administración da presente oferta irán con carga á aplicación orzamentaria correspondente á Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade.

ANEXO II

Información dos cursos de e-Destrezas no 1º cuadrimestre 25-26.

Docente	Título do curso	Duración total do curso	Prazas ofertadas	Nº mínimo inscricións	Datas de matrícula	Datas de celebración	Horario do curso
Pedro Orgeira Crespo	Utilización responsable de Intelixencia Artificial Xenerativa sobre ChatGPT	30 horas	30	24	Do 12/09 a 18/09 de 2025	Do 22/09 a 27/10 de 2025	De 16 h a 20 h.
Antonio Fernández Álvarez	Python para principiantes	30 horas	30	24	Do 15/09 a 21/09 de 2025	Do 24/09 a 29/10 de 2025	De 16 h a 20 h.
Guillermo Rey González	Fundamentos de Ofimática con Microsoft Office	30 horas	30	24	Do 16/09 a 23/09 de 2025	Do 26/09 a 31/10 de 2025	De 16 h a 20 h.
José Alcañiz Lorenzo	Iniciación ao desenvolvemento de páxinas web con Wordpress	30 horas	30	24	Do 08/10 a 16/10 de 2025	Do 22/10 a 25/11 de 2025	De 16 h a 20 h.
Guillermo Rey González	Fundamentos de análise e tratamento de datos con Excel	30 horas	30	24	Do 27/10 a 04/11 de 2025	Do 07/11 a 12/12 de 2025	De 16 h a 20 h.
Pablo Falcón Oubiña	Iniciación práctica á impresión 3D	30 horas	30	24	Do 27/10 a 04/11 de 2025	Do 07/11 a 12/12 de 2025	De 16 h a 20 h.